

# Montse Gutiérrez



Pintura

## Montse Gutiérrez

### Necesidade de experimentar

Montse Gutiérrez pertence a unha xeración que tivo que marchar do seu Ferrol natal para formarse, elixindo como destino Valencia e a súa Facultade de San Carlos. A súa volta supuxo o inicio dunha traxectoria expositiva que comezou coa colectiva Novíssimos. Se intento facer un percorrido mental pola súa obra véñenme á memoria os seus grandes lenzos, cálidos e silenciosos, nos que destaca un gusto polo sensitivo que permanecerá inalterable en toda a súa produción posterior.

A súa pintura case sempre nos fala da vida, se exceptuamos o momento no que os seus pinceis decidiron mostrárnola guerra, que aparece sempre en forma de metáfora visual. Neste intre a súa paleta escurécese, desaparece por completo a figura humana e ollamos un escenario de desolación e tristura.

Nas súas creacións é doado detectar unha continua necesidade de experimentación e desta maneira sofre cambios continuos na técnica, utilizando óleo ou acrílico, entre outros. Tamén o soporte cambia e o lenzo é substituído ás veces; pero permanece sempre fiel á pintura e ó artista do que se declara fervinte admiradora, Miquel Barceló.

A tonalidade das súas obras persegue á noite, pero endexamás será alcanzada, quedase flotando sobre o solpor, de aí esa sensación de luz de posta de sol que aflora na práctica totalidade da súa creación. Os seus últimos traballos apostan de novo polo cambio e fannos retroceder no tempo ata atoparnos cunha pintura más primitiva que nos recorda á simboloxía máxica de manifestacións artísticas prehistóricas.

**Emma González**

## Vontade de crear

Baixo estas liñas atoparemos a obra dunha pintora que quixo construí-lo seu propio mundo, cuns iconos e productos que retratarán unha emoción e terminan presentando un espacio, máis ou menos atemporal. A súa obra expón nun escenario unha fusión de composicións construídas e dun afán por seguir mudando, sempre inqueda, sempre contestataria. A súa producción semella unha conversa entre nai e filla, confianza e seguridade, pero verdade e complexidade, e que sempre é entusiasmo.

Montse Gutiérrez sempre apostou pola pintura, pola seguridade de poder crear na bidimensionalidade, de establecerse na acotación da parede, todo nun momento de novo rexurdimento e nova afirmación, despóis das loitas postconceptuais dos noventa; as súas pinturas xogan nunha ambigüidade entre a presentación e a representación, porque todo quere ser e non ser, illase da narración, escravizando os resultados a uns mínimos compoñentes, arriscando cuns productos que busca, simplemente resultan, desembocan.

Despois da estructura ven a composición, a construcción en positivo; Montse Gutiérrez compón, manipula xeometrías e realidades en disposicións aleatorias; unha sorte de abstracción hermética, de distintas interaccións de elementos que xiran en torno a un fondo que reivindica o seu protagonismo, uns fondos voluntariamente descoidados, informais pero cargados de lirismo, resultado dunha técnica depurada. O meticoloso traballo do constructor actuando nos seus collages de vida.

Traballa rápidamente, gústalle ir mudando mentalidades, ideas; o seu lenzo encárgase de recoller, como si se tratase dunha rede, tódalas reflexións, sen as deixar escapar. Porque as paisaxes-memorias de Montse Gutiérrez poden lerse-mirarse como si se tratases dunha novela didáctica de viaxes.

Algo enlaza, ata, as obras de Montse Gutiérrez, a vontade, a inquedanza de sentirse activa.

José Manuel Lens

## **Montserrat Gutiérrez Valero**

Nacida en O Seixo (Mugardos) A Coruña.

É licenciada en Belas Artes pola Facultade de San Carlos (Politécnica) de Valencia coa especialidade de Pintura.

Na actualidade exerce como profesora agregada de secundaria de Debuxo no I.E.S.. "Saturnino Montojo" de Ferrol, A Coruña.

### **Exposicións:**

1986 - "**Novissimos**" (1<sup>a</sup> Edición). Itinerante (Ferrol: Auditorio Municipal; Santiago de Compostela: Casa da Parra; Vigo: Sala Municipal; Coruña: Sala Durán Loriga).

1986 - "**Colectivo Ferrol**". Sala de Exposicións do Banco de Bilbao (Ferrol).

1986 - "**Mulleres**". Sala de Exposicións do Museo "Bello Piñeiro". Ferrol.

1987 - "**Novissimos**" (2<sup>a</sup> Edición). Itinerante (Ferrol, Santiago, Coruña, Vigo).

1988 - "**Acrílicos e Debuxos**". Sala de Exposicións do Concello de Xinzo de Limia (Ourense).

1989 - "**Encontros Minhotos**". Sala de Exposicións do Ateneo (Ourense).

1989 - "**Imaxes a Carón da Aula**" (1<sup>a</sup> Edición). Participación, organización e comisaría Colectivo de Profesores de Debuxo de Galicia. Sala do Concello de Xinzo de Limia (Ourense).

1990 - "**Mostra de Artes Plásticas - Gallaecia '90**". Vila Pouca De Aguiar (Portugal). 1990 - "**Tintas y Acrílicos**". Café Latino (Ourense).

1990 - "**Imaxes a Carón Da Aula**" (3<sup>a</sup> Edición). Deputación de Pontevedra. Vigo.

1991 - "**Feitura. Artes Plásticas-91**". Sala de exposicións do Ateneo Ferrolán (Ferrol).

1991 - "**Imaxes a Carón Da Aula**" (5<sup>a</sup> Edición). Excmo. Deputación Provincial de Pontevedra.

1992 - "**Nós por Cá**" Trás-os-Montes e Galiza, 1992. **Encontro de Arte Jovem**. Pavilhão

do Gatat e Termas de Chaves (Portugal).

1992 - "**Imaxes a Carón da Aula**" (6<sup>a</sup> Edición). Deputación Provincial de Pontevedra.

1995 - "**Acrílicos - Exposición de pintura**". Galería Faustino. Câmara Municipal de Chaves.

1995 - "**Feitura '95 Artes plásticas**". Sala de exposicións do Ateneo Ferrolán (Ferrol).

2000 - Obra seleccionada no IV premio de pintura "Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular". Exposición itinerante (Santiago de Compostela, Viana do Castelo, Monforte de Lemos, Ourense, Pontevedra, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ferrol, Guimaraes, Braga, Vila Nova de Gaia, Peso da Régua, Vila Real, Porto, Bragança, Lugo, Vigo, Chaves).

### **Bibliografía:**

"**Novissimos**" (1<sup>a</sup> Edición) Excmos. Concellos de Ferrol, Coruña e Vigo. Dep. Legal C 755/1986.

"**Novissimos**" (2<sup>a</sup> Edición) Excmos. Concellos de Ferrol, Coruña e Vigo. Dep. Legal C 631/1988.

"**Imaxes a Carón da Aula**" (1<sup>a</sup> Edición). Deputación de Orense. Xinzo de Limia. Dep. Legal OR 115/1989.

"**Encontros Minhotos**". Consulado de Portugal - Caixa Galicia.

División de Artes Gráficas "La Voz de Galicia, S.A." Dep. Legal C 36/1984.

"**Imaxes a Carón da Aula**" (3<sup>a</sup> Edición). Deputación de Pontevedra. Dep. Legal PO 241/1990.

"**Imaxes a Carón da Aula**" (5<sup>a</sup> Edición). Deputación de Pontevedra. Dep. Legal PO 149/1991.

"**Imaxes a Carón da Aula**" (6<sup>a</sup> Edición). Deputación de Pontevedra. Dep. Legal PO 103/1992.

"**Nós por Cá**" Trás-os-Montes e Galiza, 1992. Edit. Câmara Municipal de Vila Pouca de Aguiar. Portugal.

"**IV Premio de Pintura Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular**". Eixo Atlántico-Seur-Caixa Vigo. Dep. Legal VG 3372000.





**SARGADELOS**  
GALERIA FERROL

Do 5 ó 26 de outubro de 2000  
Inauguración: xoves, 5 de outubro, ás 8 da tarde

Mañás: de 11 a 2 h. - Tardes: de 5 a 10 h. (de luns a sábado)  
De 12,30 a 2,30 (domingos)

R./ Dolores, 55  
Tel.: 981 35 37 14  
Fax: 981 35 37 16

Membro da: ASOCIACIÓN PROFESIONAL  
DE GALERÍAS DE ARTE  
DE GALICIA